

19 medallas do CERVIM no Mundial des Vins Extremes para os viños da D.O. Ribeira Sacra

Un ano máis os viños da **D. O. Ribeira Sacra triunfan en Aosta** e regresan con case unha vintena de premios despois da participación no **Mundial deas Vins Extremes**. Os premios entregaranse o 1 decembro do 2019 no Forte dei Bard - Val de Aosta (Italia), onde acudirá a recollelos un representante do C.R.D.O.R.S. para entregalos aos seus destinatarios no tradicional xantar que o Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra organiza a finais de ano.

A **D.O. Ribeira Sacra** presentaba este ano **51 mostras, 44 de tintos e 7 de brancos, pertencentes a 35 adegas** e obtén en Brancos 3 Medallas de Ouro e 1 de Prata. Na categoría de Viños Tintos obtéñense 6 Medallas de Ouro e outras 6 de Prata. O palmarés para a D.O. Ribeira Sacra complétase con 3 Medallas de Ouro na categoría doutras anadas.

Categoría Viños Brancos anada 2018

Medalla de Ouro:

- VIÑA GAROÑA– 2018, Adegas Viña Garoña
- VIA ROMANA – 2018, Adegas e Viñedos Vía Romana
- ABADIA DA COVA – 2018, Adegas Moure S.A

Medalla de Prata:

- ALMALARGA– 2018, Alma das Donas S.L.U.

Categoría Viños Tintos

Medalla de Ouro:

- VIÑA MEZQUITA - 2018, José Manuel Vidas López
- VIÑA PEÓN – 2018, Ernesto Rodríguez Pérez
- CASTROFIZ BARRICA – 2017, José Luis Pedreira
- DON COSME – 2018 , EDV 2015, S.L
- FINCA CUARTA POR RUBÉN MOURE – 2018, Rubén Moure Fernández
- REGINA VIARUM – 2018, Regina Viarum SL

Medalla de Prata:

- CAPADOR – 2017, Adegas Tear
- VAL DA LENDA – 2018, Víctor Manuel Rodríguez López
- DON BERNARDINO – 2018, Don Bernardino SL
- TRADICIÓN – 2017, Jorge Feijoo González
- MALCAVADA – 2018, Araceli Vázquez Rodríguez
- PRÓMINE – 2018, Bodegas Petrón

Categoría Viños outras anadas

Medalla de Ouro:

- REGINA VIARUM ECOLÓGICO – 2016, Regina Viarum S.L
- DON BERNARDINO FINCA MEZQUITA – 2014, Don Bernardino S.L
- CONDADO DE SEQUEIRAS BARRICA – 2016, Adegas Condado de Sequeiras

O **Mondial des Vins Extrêmes**, que organiza o **CERVIM** (Centro de Investigación, Estudos, Protección, Coordinación e Valorización da Viticultura de Montaña) é o concurso enolóxico máis importante a nivel mundial, reservado aos viños producidos en rexións de montaña ou procedentes de cultivos heroicos (altitude superior a 500 metros, pendente do terreo superior ao 30% (en puntos da D.O. Ribeira Sacra chégase ao 80%) ou sistemas vitícolas de cultivo en terrazas). Con este certame e na actividade diaria o CERVIM promove e pon en valor a produción enolóxica desas terras que se caracterizan polas súas dificultades estruturais, pero tamén por viños singulares que teñen unha personalidade extraordinaria.

O obxectivo final é destacar as características únicas destas elaboracións e dar a coñecer os aspectos culturais da viticultura de montaña e o valioso traballo que os viticultores fan para salvagardar estes territorios e o medio ambiente.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org